



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONVOCATORIA SERVIZO COMEDOR ESCOLAR E.E.I. COIRÓS CURSO 2026/2027

EXPEDIENTE: 2026/S012/000004

ANTECEDENTES:

O Concello de Coirós xestiona o Servizo de Comedor Escolar da EEI de Coirós para garantir unha nova medida de conciliación para as familias do concello e un recurso educativo de carácter complementario que fomenta normas e condutas fundamentais para o desenvolvemento social da poboación infantil. Constitúe unha excelente oportunidade para ensinar, dende idades moi temperás, educación para a saúde, contribuíndo á adquisición de hábitos nutricionais sans que favorecen o desenvolvemento dos/das menores e a promoción da saúde, e educación para a convivencia, xa que constitúe un importante marco de socialización.

Por último, é un recurso compensatorio, xa que a situación actual de crise na que nos atopamos, deriva na existencia dun elevado número de familias en situación económica desfavorable. Polo que, unha das principais obrigas das administracións públicas debe ser garantir a gratuidade e asistencia aos comedores deste alumnado.

Segundo os principios de boa regulación previstos no art. 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no exercicio da potestade regulamentaria, as Administracións Públicas actuarán de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, o que queda xustificado segundo o exposto, e o recollido no articulado.

A técnica do Servizo de Educación e Apoio Familiar redactou a proposta de bases que ha de rexer o procedemento de matrícula do Servizo de Comedor Escolar da EEI de Coirós.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Prestar aprobación ás bases que establecen o procedemento de matrícula do Servizo de Comedor Escolar da EEI de Coirós, que se transcriben literalmente:

“BASES E CONVOCATORIA SERVIZO COMEDOR ESCOLAR E.E.I. COIRÓS CURSO 2026/2027

1. OBXECTO.

As presentes bases establecen o procedemento de matrícula do servizo de comedor escolar na EEI de Coirós, xestionado polo Concello de Coirós, para o curso escolar 2026-2027.

2. PERSOAS DESTINATARIAS.

Poderán solicitar a matrícula a nai, pai, titor/a legal que ostente a garda e custodia do alumnado matriculado no curso escolar 2026-2027 na EEI de Coirós.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

3. TIPO DE SERVIZO

3.1. Comedor

- Modalidade de prestación do servizo: no comedor da EEI de Coirós préstase na modalidade de catering por medio de persoal contratado polo Concello de Coirós é de xestión indirecta da consellería con competencias en materia de educación a través da concesión do servizo, segundo o que di o Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería en materia de educación.

- O n.º de prazas para o curso 2026-2027 será de 40.

- O servizo de comedor escolar comenará o primeiro día lectivo do mes de setembro e finalizará o último día lectivo do mes de xuño. Só funcionará os días lectivos, determinados cada curso pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

3.2. Condicións de funcionamento:

Os usuarios/as rexeranse polo protocolo de organización e funcionamento do centro educativo NOFC da EEI Coirós 2026 (Apdo. 9.4)

A matrícula como usuario/a deste servizo implica o aboamento da contía correspondente polos días solicitados.

No caso dos usuarios/as fixos, é unha asistencia regular, que non varía ao longo do mes. Só serían descontados aqueles días que esporadicamente sexan desmarcados pola familia por causas sobrevidas debidamente xustificadas (enfermidade, etc). Ditas solicitudes deberán facerse cunha antelación mínima de 24h.

Os usuarios ocasionais, son aquelas/es alumnas/os que por causa grave, precisen o servizo de comedor excepcionalmente nun momento determinado, e por un período limitado. Neste caso a nai/o pai titora/titor deberá solicitalo nas Oficinas Municipais por escrito e deberá responder a unha causa xustificada que será necesario acreditar xunto coa solicitude.

O Concello poderá denegalo, no caso de que a causa non xustifique a necesidade do servizo ou no caso de non haber prazas dispoñibles. En calquera caso, se se detecta un mal uso do servizo con faltas continuadas de asistencia, a organización pode cursar de oficio a baixa.

4. PREZO DO SERVIZO

Os prezos correspondentes ao menú virán establecidos polo disposto na Ordenanza reguladora da taxa por prestación do Servizo de Comedor Escolar do Concello de Coirós (BOP núm. 159, do 22 de agosto de 2025).

5. ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

A selección e admisión de usuarios e usuarias do servizo de comedor escolar correspóndelle ao Concello de Coirós. A persoa responsable do procedemento de admisión é a técnica do Servizo de Educación e Apoio Familiar.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Poden ser usuarios e usuarias do servizo de comedor:

- Todo o alumnado matriculado no centro que así o solicite.
- O persoal encargado da atención ao alumnado usuario do comedor
- Os cuidadores de NEEs, que durante a súa xornada laboral, han de asistir no comedor aos escolares que teñan asignados, no caso de existiren.

6. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Co obxectivo de respectar o principio de minimización de datos e garantir a seguridade xurídica do proceso, os solicitantes deberán achegar obrigatoriamente a seguinte documentación:

Xeral:

- Solicitud normalizada SERVIZO DE COMEDOR EEI COIRÓS CURSO 2026-2027
- Modelo de autodeclaración de taxas debidamente cuberto e asinado por todos os membros maiores de idade da unidade familiar.
- DNI da nai/pai/titor/titora que asina a solicitude.
- Copia do libro de familia completo ou certificación do Rexistro Civil equivalente.
- Xustificación de ingresos económicos (ante a imposibilidade técnica actual de consulta telemática directa automatizada por parte deste Concello ante a Axencia Tributaria):
 - Copia completa da Declaración da Renda (IRPF) do exercicio 2025 de todos os membros maiores de 18 anos da unidade familiar obrigados a declarar.
 - No caso de non estar obrigados legalmente a declarar, presentaranse os Certificados de Imputacións do IRPF do exercicio 2025 emitidos pola AEAT de todos os membros maiores de 18 anos.

Nota: De non presentarse ningunha destas opcións, aplicarase directamente o prezo máximo diario do servizo.

Específica (só para os supostos de bonificación ou circunstancias especiais):

- Título/carné de familia numerosa en vigor.
- Certificado de monoparentalidade emitido polo órgano autonómico competente.
- Certificado de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Sentenza de separación/divorcio ou acordo regulador que acredite a garda e custodia.
- Informe de servizos sociais nos supostos nos que sexa necesario por razón de especial situación socioeconómica e/ou sociofamiliar.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

- Xustificante ou informe médico actualizado no caso de alerxias ou intolerancias alimentarias.

7. PRAZO DE SOLICITUDES E FORMA DE PRESENTACIÓN

Do 1 ao 15 de xullo do ano 2026.

Tanto a solicitude como a documentación adicional, se é o caso, será presentada a través do rexistro xeral do Concello de Coirós, na opción presencial ou telemática a través da sede electrónica do concello (solicitude xeral), ou calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

Ao tratarse de documentos que conteñen datos protexidos de categoría especial (datos de saúde e económicos), o Concello garantirá a confidencialidade na súa recepción e dixitalización.

8. RESOLUCIÓN DA ADXUDICACIÓN

A avaliación das solicitudes corresponderalle á técnica do Servizo de Educación e Apoio Familiar. O procedemento de publicación de listaxes realizarase cumprindo coa Disposición Adicional Sétima da Lei Orgánica 3/2018 (LOPDGDD):

1. Listaxe provisional (1 de agosto): Publicarase no taboleiro de anuncios e na web municipal. Para protexer a identidade dos menores, a listaxe identificará aos solicitantes unicamente mediante o nome e apelidos do titor e os catro díxitos numéricos aleatorios do seu DNI, xunto co custo por día adxudicado. Non se publicarán en ningún caso datos económicos, puntuacións desagregadas nin datos de saúde (alerxias).

2. Alegacións: Establecerase un prazo de cinco días naturais a partir do día seguinte ao da publicación.

3. Listaxe definitiva (10 de agosto): Publicarase baixo os mesmos criterios de seudonimización e seguridade de datos.

9. PAGAMENTO DO SERVIZO

A liquidación da cota tributaria practicarase virá establecida polo disposto na Ordenanza reguladora da taxa por prestación do Servizo de Comedor Escolar do Concello de Coirós

10. MODIFICACIÓN OU BAIXA DO SERVIZO

As modificacións do servizo (de usuario/a fixo a ocasional ou viceversa) , así como as baixas deberán ser tramitadas a través dunha solicitude por escrito presentada no rexistro xeral do Concello de Coirós (presencialmente ou por sede electrónica).

A presentación deberá ser antes do día 25 do mes anterior ao que se queira renunciar/modificar o servizo.

Segundo: Ordenar a súa publicación na páxina web do concello Concello de Coirós

11. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 (RGPD) e da Lei Orgánica 3/2018 (LOPDGDD), infórmase de que o Concello de Coirós é o Responsable do Tratamento dos datos integrados neste procedemento.

A lexitimación do tratamento baséase no cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos (Art. 6.1.e do RGPD) concedidos pola Lei de Bases do Réxime Local. Os datos relativos a alerxias ou informes sociais trátanse por razóns de interese público esencial no ámbito da saúde pública e a protección social (Art. 9.2.g e 9.2.h do RGPD).

Os documentos económicos e médicos custodiaranse en arquivos restrinxidos e serán destruídos unha vez cumpridos os prazos de prescrición de accións administrativas vinculadas á taxa do comedor. Os interesados poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición dirixíndose ao Delegado de Protección de Datos en coiros@coiros.es.”

Segundo.- Dispoñer a apertura da convocatoria procedemento de matrícula do servizo de comedor escolar na EEI de Coirós, xestionado polo Concello de Coirós, para o curso escolar 2026-2027.

Terceiro.- Publicar as bases e convocatoria na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Coirós.

Asinado dixitalmente no Concello de Coirós na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde Francisco Quintela Requeijo. Pola secretaria-interventora tómase razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018).